

SEGUIREMOS LENDO



POR UN AÑO DE FÁBULA

Éxito?

Riqueza?

Amor?

Unha muller viu a tres anciáns de barbas brancas sentados no xardín da súa casa.

- Non sei quen son vostedes, pero deben ter fame. Por favor, pasen que lles darei algo para comer.
 - Nós non podemos ser convidados a unha casa xuntos.-Dixo con determinación uno dos anciáns.
 - Por que?-Preguntou a muller moi intrigada.

O ancián coa barba máis branca respondeu:

- O seu nome é Riqueza - dixo sinalando a un deles, e sinalando ao outro continuou-. O seu nome é Éxito, e o meu é Amor. Agora, vaiá coa sua familia e decidana cal de nós prefiren convidar.

- Que fantástico! Se ese é o caso convidemos a Riqueza. Así encheremos a nosa casa con obxectos valiosos.- Dixo o marido cando escoitou o que lle contou a muller.

- Non, non me parece boa idea. Por que non eliximos a Éxito? Así seremos admirados por todos.

Ángel Rafael Benítez Recalde 6ºA



A súa filla adoptiva que escoitaba a conversación desde a súa habitación exclamou:

-Por que non convidamos o Amor? Por que sempre hai que pensar nas riquezas e o éxito comase o amor non fose importante para nós?

A intervención da nena deixou aos seus pais en silencio e avergoñados. A muller saíu ao encontro dos anciáns e preguntou:

- Cal de vostedes é Amor? Por favor, pase e sexao o noso invitado.

Amor levantouse e comezou a camiñar cara á casa. Os outros dous tamén se levantarón e seguirono. Sorprendida, a muller mirou a Éxito e a Riqueza e preguntou:


-Pero se soamente convidei a Amor, por que
vostedes tamén veñen?

Os tres anciáns responderon xuntos:

- Se convidase a Éxito ou a Riqueza os outros dous quedaban fóra, pero vostedes convidaron a Amor, e onde queira que el vaia os outros o seguen. Porque onde hai amor sempre hai éxito e riqueza

Adaptación de *Éxito, riqueza e amor* (recollido en <https://sabiasmoralejas.wordpress.com>)

XANEIRO



luns	martes	mércores	xoves	venres	sábado	domingo
26	27	28	29	30	31	1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30	31	1	2	3	4	5

O avaro e mais o ouro

máis e comprou unha peza de ouro, a cal enterrou na terra á beira dunha vella parede. Todos os días ía mirar o sitio.

Un dos seus veciños observou as súas frecuentes visitas ao lugar e decidiu pescudar que pasaba. Pronto descubriu o tesouro escondido, e cavando, e cavando, conseguiu roubarlle a peza de ouro.

O avaro, á súa seguinte visita, atopou o oco baleiro e lamentábase amargamente. Entón outro veciño, decatándose do motivo da súa queixa, consolouno dicíndolle:



- Dá grazas de que o asunto non é tan grave. Vaite e e trae unha pedra e colócaa no buraco. Imaxínate entón que o ouro ainda está alí. Para ti será o mesmo que aquilo sexa ou non sexa ouro, xa que non farías nunca ningún uso del.

O avaro aprendeu a lección: hai que valorar as cousas polo que serven, e non polo que aparentan.

Esopo: O avaro e mais o ouro (adaptación)



FEBREIRO



luns	martes	mércores	xoves	venres	sábado	domingo
30	31	1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	1	2	3	4	5

O BURRO E O LOBO

Un burro coxo viu que lle seguía un lobo cazador, e, non podendo fuxir do seu inimigo, dícialle: "Amigo Lobo, eu estou morrendo; acábame axiña coas dores deste maldito pé do que coxeo. Sácame cos dentes este cravo. Morra eu sen dor tan excesiva, e cómeme despois de cabo a rabo".

"Oh! (dixo o lobo con ironía, contando coa presa xa na man). Non soamente sei a anatomía, senón que son perfecto cirurxián!
Alongue ben a pata,
e non se acovarde, bo animal!".



Ilustrador: Iago Riveiro Viñucira

4º E. I., grupo B.

Co seu molar desenvainado,
o novo profesor chega ao doente;
mais este dispáralle de contado
un patadón que lle deixa sen un
dente. Escapa o coxo; pero o triste
ferido
chorando quedou a súa desventura.
"Ai, infeliz de min! Ben merecido
teño o pago da miña tortura!
Eu sempre me levei o mellor bocado
no meu oficio de Lobo carniceiro!
Pois se puiden vivir tan regalado,
a que meterme agora a
curandeiro?"

Así que, non ten xuizo quen deixa o
propio por alleo oficio.

(Adaptación da fábula de Samaniego
O burro e o lobo).

MARZO



luns	martes	mércores	xoves	venres	sábado	domingo
27	28	1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30	31	1	2

Nbo Raña
2º.B

AS DÚAS CÓBREGAS



Había unha vez dúas cóbregas que vivían tranquilas e felices nas augas dun pantano, onde tiñan todo o que necesitaban: insectos e pequenos peixes para comer, sitio dabondo para moverse e humidade suficiente para manter brillantes e en boas condicións as súas escamas. Pero chegou unha estación máis calorosa do normal e o pantano comezou a secar. Esperaron as desexadas choivas, e non chegaron. Con moita dor de corazón, decidiron buscar outro lugar para vivir. A cobra de manchas escuras, díolle á de manchas claras:

- Aquí xa só quedan pedras e barro. Creo, amiga miña, que debemos irmos xa ou morreremos deshidratadas.

Entón, a cóbrega de manchas escuras, que era moi intelixente e cautelosa, advertiulle:

- Os humanos verannos e cazarannos sen compaixón. Temos que demostrar que somos más listas ca eles! Escóítame: ti subiraste sobre o meu lombo co corpo ao revés e así eu meterei a miña cola na túa boca e ti a túa cola na miña. Pareceremos un ser estranxo, e como os humanos teñen medo ao descoñecido, non nos farán nada.

-Boa idea, tentémolo!

A cóbrega de manchas claras empolicouse sobre a de manchas escuras e cada unha suxeitou coa boca a cola da outra, e comenzaron a reptar. Ao moverse, os seus corpos abaneábanse formando unha especie de oito que se desprazaba sobre a herba. No camiño cruzáronse con varias persoas, pero, ao ver a un animal tan misterioso, botaban a correr mortas de medo, pensando que se trataba dun demo ou un ser doutro planeta. Ao cabo de varias horas, as cóbregas conseguiron o seu obxectivo: moi agarraiñas, sen soltarse nin un só momento, chegaron a terras chuviosas e fértils onde había auga e comida en abundancia. Moi ledas, continuaron tranquilas coa súa vida neste novo e acolledor lugar.

Así que se pensas como elas as cousas con tranquilidade e sabedoría, seguro que atoparás unha boa solución.

(Adaptación dunha fábula tradicional china)







ABRIL

luns	martes	mércores	xoves	venres	sábado	domingo
26	27	28	29	30	1	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30



Caricatura de Carlos Casares, realizada polo debuxante Santi Gutiérrez.



Ola, son a persoa de quen seguro este mes oiredes falar moito:
Carlos Casares Mouríño.

O motivo é que a Real Academia Galega decidiu que o 17 de maio se me dedicara o *Día das Letras Galegas*. Xa vedes, a min que fun un neno coma vós fillo dun mestre de Xinzo da Limia...

Mais, cando eu estudaba, non dispoñiamos de moitos libros en galego, e moi meno dirixidos ás nenas e aos nenos. Por iso, ao decidir ser escritor, acordeime desa xente miúda que en Galiza aprendía a ler e a escribir, e saíronme algúns relatos, e ata unha obra de teatro!

Xa sei que no voso centro estivestes a recordarme todo o curso creando na biblioteca as *galiñas azuis*. Seguro que agora vos son moi especiais, porque as fixestes vós, e tamén, porque son distintas ás outras...

E é que, como demostra esa galiña, neste mundo a beleza, a creatividade e, por tanto, a riqueza, está no diferente....


Mal que lle pese a Manolo Listón!



Maio

luns	martes	mércores	xoves	venres	sábado	domingo
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30	31	1	2	3	4

O xardineiro e o seu amo.



Nun xardín de flores
había unha gran fonte,
que servía de estanque
a moitos tipos de peixes;
pero unicamente a regar
o xardineiro atende,
de modo que namentres
os peixes auga para vivir non teñen.


Vendo tal desgobierno,
o seu amo repréndelle;
pois áinda que quere flores,
deleitarse cos peixes tamén quere.

E entón o xardineiro,
moi solícito obedécelle,
e así as plantas non rega
para que auga no estanque quede.


Ao cabo dalgún
tempo o amo ao xardín volve;
acha secas as flores,
e enfadado di desta sorte:
"Home, non regues tanto
que me quede sen peixes;
nun coides tanto deles,
que sen flores, me deixes".

Adaptación da
fábula
infantil de
Tomás de
Iriarte

Así que non escriba quen non saiba unira utilidade co deleite



XUÑO



luns	martes	mércores	xoves	venres	sábado	domingo
29	30	31	1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30	1	2

SOFÍA P.




Que sabio era este can vello!
E eu comparto o seu sentir
histo de non seguir
do inimigo... Nin un consello.

Bebendo un can no río Nilo,
ao mesmo tempo corría.
"¡Bebe quieto!", díxalle
un astuto crocodilo.
E dille o can moi prudente:
"Moi malo é beber e andar;
pero, é san agardar
a que me claves o dente?"

O can e o crocodilo

Adaptación da fábula de Samaniego *O can e o crocodilo*.
Ilustradora: Sofía P., 5 anos C



XULLO

luns	martes	mércores	xoves	venres	sábado	domingo
27	28	29	30	31	1	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30
31						



O astrónomo

Tiña un astrónomo o costume de pasear todas as noites estudando os astros. Un día que vagaba polas aforas da cidade, absorto na contemplación do ceo, caeu inopinadamente nun pozo. Estando a lamentarse e dando voces, acertou a pasar un home, que oíndo os seus queixumes achegóuselle para saber o seu motivo. Decatado do sucedido, dixo:
-Amigo meu! Queres ver o que hai no ceo e non ves o que hai na terra?
Así que está ben mirar e coñecer ao noso redor, pero antes hai que saber onde se está.


(Adaptación da fábula de Esopo, *O astrónomo*)



Ilustración de Erea Vidal, 5º B.



AGOSTO



luns	martes	mércores	xoves	venres	sábado	domingo
31	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30	31	1	2	3

O RAPOSO E AS GALIÑAS




MATEO

Ilustración de Mateo, 4 años A

- Había unha vez un raposo que tiña unha comida favorita: os ovos das galiñas. Sempre andaba roldando polos galíñeiro en busca do seu apreciado botín. As galiñas indefensas vían como cada noite o raposo levaba os seus ovos, e se non lle deixaban facelo, ameazábaas con que as levaría a elas para comelas.
- Nunha granxa, o dono vía que o seu número de galiñas medraba moi lentamente e que case non poñían ovos. Entón pensou en vendelas.
- Pero as galiñas, ao decatarse das intencións do granxeiro, decidiron trazar un plan. Esa mesma noite cando o raposo veu visitalas, ofrecéronlle todos os ovos que quixese con tal de que non levase aos que estaban chocando. Ao raposo pareceulle unha boa oferta e durante esa noite levou todos os ovos.
- Ao día seguinte o granxeiro foi ao galíñeiro en busca de ovos e atopouse con que só había os que as galiñas incubaban. Isto sorprendeulle moito e empezou a revisar todo o galíñeiro na busca do rastro dalgún depredador. Cando descubriu as pegadas, detívose uns segundos medio pensativo e foise.
- Esa noite, como de costume, o raposo volvía en busca do seu botín. Pero ao entrar, caeu no medio dunha trampa que o granxeiro armara coa axuda das galiñas. E menos mal que lle deu tempo a fuxir coa trampa enganchada no rabo.
- Nunca máis se volvió saber del porque...Quen mal anda, mal acaba.

Texto adaptado de [O raposo e as galiñas](#), recollido de
<https://sabiasmoralejas.wordpress.com>

SETEMBRO



luns	martes	mércores	xoves	venres	sábado	domingo
28	29	30	31	1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	1

Dixo un día o deus Xúpiter:

- Veñan onda min todos os seres do planeta. Se na súa natureza algo falta, díganmo sen empacho: eu poñerei remedio. Veña señor mono, mire aos demais animais e dígame se está contento co seu corpo.

-Por que non?- respondeu o mono- Non teño catro pés, o mesmo que os demás? Non podo queixarme da miña estampa; non son como o oso, que parece medio feito nada máis.

Chegaba, nisto, o oso e creron todos que ían oír longas lamentacións. Nada diso, encomiou moito a súa boa figura e meteu-se co elefante, dicindo que non sería malo alongarlle a cola e recortarlle as orellas; que tiña un corpo deforme e feo. O elefante, á súa vez, a pesar da fama que goza de intelixente, dixo cousas parecidas, opinou que a señora balea era demasiado corpulenta. A formiga, pola contra, tachou ao pulgón de diminuto.



Xúpiter, ao ver como se criticaban uns a outros, despediuños a todos.


Pero entre os más fachendosos, estaba a nosa especie, a humana. Eran linceos para ver os fallos dos seus semellantes, pero estaban cegos ante os seus.

Así, Xúpiter recordoulle aos homes que tiñan un par de alforxas: a de atrás para os defectos propios; a de adiante para os alleos.

Adaptación de As alforxas (La Fontaine):

As alforxas

OUTUBRO



luns	martes	mércores	xoves	venres	sábado	domingo
25	26	27	28	29	30	1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30	31					

O nariz é os ollos

GRADO
1º B






Marcos !


Fábula divertida de Rafael Pombo, ilustrada por Marcos de 1º B

Púxose o nariz malhumorado
E díxolle aos dous ollos :
"Xa me teñen vostedes amolado
cargando sempre cos seus anteollos.
Para min non se fixeron.
Que os sosteña
quen por eles mira!"
E dicindo e facendo, sacódese,
e na rúa, aos pobre anteollos tira.
O seu dono segue andando,
e como é miope,
dá un tropezón, e cae!
E o nariz ? Esmágase!
E é que servindo aos demás,
frecuentemente
sérvese un a si mesmo.

NOVEMBRO



luns	martes	mércores	xoves	venres	sábado	domingo
30	31	1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30	1		



Se tivera...Sería feliz

Contan que unha noite un home camiñaba pola praia mentres pensaba:

- Se tivese un auto novo, sería feliz.
- Se tivese unha casa grande, sería feliz.
- Se tivese un excelente traballo, sería feliz.
- Se tivese parella perfecta, sería feliz.

Nese momento, tropezou cunha bolsiña chea de pedras e empezou a tiralas unha por unha ao mar cada vez que dicía: "Sería feliz se tivese..."

Así o fixo ata que soamente quedaba unha pedra na bolsa, a cal gardou. Ao chegar á súa casa deuse conta de que aquela pedriña era un diamante moi valioso. Imaxínase cuntos diamantes arroxou ao mar sen deterse e aprecialos?



Cantos de nós pasamos arroxando os nosos preciosos tesouros por estar a esperar o que cremos perfecto ou soñado e desexando o que non se ten, sen darlle valor ao que temos preto noso?

Mira ao redor e se te detés a observar daráste conta da fortuna que tes: moi preto de ti está a túa felicidade, e non lle deches a oportunidade de demostralo.

Cada un dos nosos días é un diamante precioso, valioso e non recuperable.

Depende de ti aproveitalo ou lanzalo ao mar do esquecemento para nunca máis poder recuperalo.

DECEMBRO



luns	martes	mércores	xoves	venres	sábado	domingo
28	29	30	31	1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	31



As fábulas que componen este calendario, foron seleccionadas polas usuarias e usuarios da biblioteca do CEIP López Ferreiro a partires dun concurso. Unha vez coñecidas, o alumnado dos diferentes niveis encargouse de ilustralas.

Preténdese reflexionar sobre actitudes, sentimientos, valores e formas de enfrentarse á vida, presentes en moitos momentos da vida cotiá. Ao tempo, tamén se recorda que hai lecturas para cada mes do ano; quizais se agochen nas bibliotecas, nas librarias, ou en calquera recuncho das nosas casas... Soamente hai que encontralas.

Cos mellores deseños para o 2017, **BO NADAL.**



Equipo de dinamización da biblioteca.

CEIP López Ferreiro.

Santiago de Compostela.